



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Febreiro 2017

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Febreiro 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un aumento do 8,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,3 puntos inferior ao do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,2%, 2,6 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 9,9% e os Outros servizos o 2,1%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,5% e en España un 2,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de febreiro. Galicia é a cuarta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a segunda comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un crecemento do 8,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,3 puntos menos que no mes de xaneiro. O índice para España amosa un aumento do 5,2% respecto ao mes de febreiro de 2016, 2,6 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 9,9% e achega 7,6 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 2,1% e achegan 0,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 5,7%, 4,2 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 4,3%, superando o crecemento galego en 2,2 puntos.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 14,9% e achega 7,6 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 12,1% e resta 0,7 puntos á taxa de variación interanual.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 3,0 puntos, cun crecemento do 8,0%; a *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistra un incremento do 6,3% e achega 0,5 puntos.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 2,1%; o sector que máis crece é *Información e comunicacións* (6,6%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,3%. Os sectores con maior crecemento son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, que aumentan un 7,0%, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,3%).

Nestes dous primeiros meses do ano, o índice de cifra de negocios crece un 9,2% en Galicia e o 6,5% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 15,7% e 9,5% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,2% no mes de febreiro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 9,0% e achega 3,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; o *Transporte* crece un 4,5% e achega 0,6 puntos e *Información e comunicacións* achega 0,5 puntos, cun incremento do 7,0%. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen un 0,1%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 11,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (9,6%), Madrid (9,1%), Navarra (8,3%) e Galicia (8,1%). As comunidades con menores incrementos son Asturias (1,7%) e Cataluña e Castilla y León (ambas as dúas 2,1%).

No que vai de ano, Illes Balears (9,9%) e Madrid (9,6%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Asturias (3,0%) e Castilla y León (3,9%) amosan os menores crecementos.

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,5% respecto ao mes de febreiro de 2016, 0,9 puntos menos que en España (2,4%).



O persoal ocupado aumenta un 1,8% no *Comercio* e un 1,2% nos *Outros servizos*. No *Comercio*, o *Comercio por xunto* achega cinco décimas á taxa de variación do índice xeral cun incremento do 3,4% e *Comercio polo miúdo* achega catro décimas, cun incremento do 1,4%. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,2%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 3,2% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* co que achegan catro décimas á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen un 0,4% o persoal ocupado.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,8%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 1,7% e en España o 2,4%. *Actividades administrativas e servizos auxiliares* é o sector con maior incremento, 4,3% en Galicia e 4,0% en España.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de febreiro. Os maiores incrementos danse en Murcia (4,9%) e Cantabria (3,9%). Asturias (1,3%) e Galicia (1,5%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

Índices de persoal ocupado. Febreiro 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 104,6 | 8,1 | 9,2 |
| Comercio | 109,0 | 9,9 | 11,0 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 81,5 | -12,1 | -5,9 |
| Comercio por xunto | 126,3 | 14,9 | 15,7 |
| Comercio ao retalho | 84,6 | 3,1 | 4,5 |
| Outros servizos | 89,5 | 2,1 | 3,6 |
| Transporte | 101,3 | 0,9 | 1,9 |
| Hostalería | 74,5 | 0,2 | 1,5 |
| Información e comunicacións | 83,9 | 6,6 | 5,9 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 77,6 | 1,8 | 7,8 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 109,3 | 2,4 | 4,5 |
| España | | | |
| Xeral | 95,2 | 5,2 | 6,5 |
| Comercio | 95,7 | 5,7 | 7,1 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 105,3 | 6,3 | 8,4 |
| Comercio por xunto | 100,5 | 8,0 | 9,5 |
| Comercio ao retalho | 84,3 | 1,1 | 2,6 |
| Outros servizos | 94,2 | 4,3 | 5,4 |
| Transporte | 104,2 | 3,7 | 5,4 |
| Hostalería | 88,6 | 3,7 | 3,6 |
| Información e comunicacións | 91,6 | 2,6 | 3,6 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 93,4 | 7,0 | 8,0 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 90,2 | 5,3 | 6,6 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 95,7 | 5,2 | 7,0 |
| Comercio | 103,0 | 9,0 | 10,3 |
| Transporte | 117,1 | 4,5 | 5,7 |
| Hostalería | 74,8 | 0,2 | 1,6 |
| Información e comunicacións | 82,3 | 7,0 | 6,6 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 89,9 | -0,1 | 7,7 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 105,1 | 3,3 | 5,3 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Febreiro 2017**

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 95,2 | 5,2 | 6,5 |
| Andalucía | 92,9 | 4,0 | 6,3 |
| Aragón | 91,6 | 4,1 | 4,9 |
| Asturias | 85,7 | 1,7 | 3,0 |
| Baleares, Illes | 84,1 | 9,6 | 9,9 |
| Canarias | 99,6 | 2,5 | 4,9 |
| Cantabria | 86,2 | 3,4 | 4,5 |
| Castilla y León | 88,7 | 2,1 | 3,9 |
| Castilla-La Mancha | 92,6 | 7,8 | 8,5 |
| Cataluña | 96,5 | 2,1 | 4,4 |
| Comunitat Valenciana | 100,5 | 4,4 | 4,9 |
| Extremadura | 85,1 | 5,3 | 5,1 |
| GALICIA | 104,6 | 8,1 | 9,2 |
| Madrid | 94,7 | 9,1 | 9,6 |
| Murcia | 100,2 | 3,3 | 4,4 |
| Navarra | 94,4 | 8,3 | 9,0 |
| País Vasco | 95,4 | 2,5 | 4,3 |
| Rioja, La | 102,0 | 6,1 | 6,3 |

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|-------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 96,3 | 1,5 | 1,7 |
| Comercio | 94,2 | 1,8 | 1,7 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 83,5 | -0,2 | -0,7 |
| Comercio por xunto | 91,7 | 3,4 | 3,3 |
| Comercio ao retallo | 97,9 | 1,4 | 1,3 |
| Outros servizos | 98,0 | 1,2 | 1,8 |
| Transporte | 96,8 | 0,7 | 1,2 |
| Hostalería | 89,8 | 0,9 | 2,1 |
| Información e comunicacións | 88,6 | 2,4 | 1,9 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 98,1 | -0,4 | -1,1 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 112,6 | 3,2 | 4,3 |
| España | | | |
| Xeral | 99,6 | 2,4 | 2,4 |
| Comercio | 99,2 | 2,1 | 2,1 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 91,9 | 2,0 | 2,0 |
| Comercio por xunto | 103,2 | 2,6 | 2,6 |
| Comercio ao retallo | 98,0 | 1,8 | 1,8 |
| Outros servizos | 99,9 | 2,6 | 2,6 |
| Transporte | 98,6 | 2,5 | 2,5 |
| Hostalería | 97,1 | 2,4 | 2,3 |
| Información e comunicacións | 98,4 | 1,6 | 1,6 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 98,1 | 1,9 | 2,0 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 106,5 | 3,8 | 4,0 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Febreiro 2017**

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|-------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 99,6 | 2,4 | 2,4 |
| Andalucía | 98,2 | 1,7 | 1,7 |
| Aragón | 97,1 | 1,8 | 2,0 |
| Asturias | 92,9 | 1,3 | 1,4 |
| Baleares, Illes | 91,3 | 3,4 | 3,8 |
| Canarias | 104,2 | 3,6 | 3,8 |
| Cantabria | 98,7 | 3,9 | 3,6 |
| Castilla y León | 96,0 | 1,8 | 1,6 |
| Castilla-La Mancha | 98,5 | 1,9 | 1,6 |
| Cataluña | 103,6 | 2,9 | 2,7 |
| Comunitat Valenciana | 100,9 | 2,8 | 2,7 |
| Extremadura | 99,9 | 3,2 | 3,5 |
| GALICIA | 96,3 | 1,5 | 1,7 |
| Madrid | 97,6 | 1,8 | 2,0 |
| Murcia | 106,2 | 4,9 | 4,9 |
| Navarra | 103,0 | 2,9 | 3,4 |
| País Vasco | 101,8 | 2,0 | 2,0 |
| Rioja, La | 104,7 | 2,9 | 3,2 |

Fonte: INE